

# As mulleres da Unión *contra a* *draga do Verdugo*

Paquita “levantou a casa”. Sabía que ía ter visita e por iso limpou a fondo o seu piso na rúa principal de Arcade. Puxo un sobre marrón enriba da mesa do salón. Nel garda as fotografías do día en que as mulleres de Ponte Sampaio, Arcade e Paredes se xuntaron para loitar polo sustento das súas parroquias, a ría, e botar os homes que extraían area do seu fondo para empregala na construción en Vigo.

Ela sae nas fotos. Búscase entre as rapazas e mulleres vestidas con mandís e cargadas coas pedras que empregaron como armas pero non se atopa, ou mellor dito, non se distingue entre as moitas pequenas figuras que corren a ambos os lados do Verdugo. As fotografías están tiradas desde moi lonxe, e é que ese día era un risco estar preto do río e da ponte de Ponte Sampaio. Só as mulleres, acompañadas de mozas e nenas, fixeron fronte á Garda Civil e se puxeron á cabeza deste conflito que rematou esa mesma xornada coa súa vitoria orgullosa sobre a draga do “moro” (un empresario denominado así por ser moi moreno) e dos homes que traballaban para el.



Desiste no seu empeño por identificarse e Paquita conta que as fotos as sacou o que remataría por ser seu home, Manolo, quen tardou uns anos en revelalas pois tiña medo de que o levaran preso por ter esas imaxes. Aínda que tampouco as recoñece comeza unha lista de nomes de mulleres que cre que tamén están nas fotografías: súa irmá Carmen, Estrella, Elsa...

Era a década dos 60'. A ditadura non permitía a protesta. A economía estatal iniciaba unha fase de crecemento favorecido, entre outros factores, pola man de obra barata. Ponte Sampaio aínda era concello de seu. Na zona había algunhas fábricas, como Almacenes Arcade e Camisería Regojo. Con todo, a actividade económica de Arcade, Ponte Sampaio e os arredores centrábase na pesca, complementada coa existencia dun peirao comercial de fluxo curto.

*“Vivíase do mar. Non había outra cousa”.* Así o conta Carmen. Ela está nun encontro ao que foron convidadas varias veciñas de Ponte Sampaio para falar sobre as súas vidas e traballos. Cando se refire a este conflito mostra orgullo e complicidade coas compañeiras desta xornada de loita que están presentes. Prosigue:

*“Había uns señores de Santa Cristina e San Adrián que viñan sacar area do río. Eu recórdoo de toda a vida collendo area. Pero claro, xa non lles chegou con sacar de aquí [refírese á zona da ponte e da Pedra Insuíña] senón que empezaron a ir para arriba [río arriba]. Entón empezou a vir toda a lama e os muros caían e o mariñeiro quedaba sen nada, porque aí arriba está a cría. Entonces non quedaba nada”.*

Os homes de Santa Cristina e Santo Adrián de Cobres (Vilaboa) naquel entón eran empregados do “moro”. Estrella, que está na reunión, intervén para recordar que traballaban moito. Viñan todos os días e podían sacar 12 lanchas de area. Custáballes ben de esforzo extraela e subila ás embarcacións. *“Recollíana en muñicos con buratos no fondo para deixar pasar a auga e que non pesaran tanto”.* Tamén a sacaban con pas.

Mentres a extracción se fixo deste xeito, manual, non houbo problema. O conflito apareceu coa draga que mecanizaba o traballo. Foi entón cando *“empezaron a facer máis mal”.* *“Levaban todo, caían os muros. Un desastre!”*, apunta Elsa, tamén no grupo de mulleres, que xa naquel entón era mariscadora. O feito é que a máquina retiraba grandes cantidades de area en moi pouco tempo, aínda máis se o comparaban co lles levaba aos homes facelo á man. Despois, na auga só quedaba lodo que baixaba á zona de marisqueo matando todo: berberecho, ostra, ameixa... Ademais, coa retirada da area caían as terras, os muros e as vides da beira do río.



A xente dos lugares afectados organizouse para impedir esta inxustiza. Afirmán que a maior parte dos veciños e veciñas apoiaban a protesta, pero só unhas poucas se puxeron á cabeza mentres outros colaboraron “deixando facer”. Ese foi o caso do cura de Ponte Sampaio, quen fixo non saber que a veciñanza estaba a empregar a campá da igrexa para chamar as mulleres á “loita”. Dos homes comentan que houbo algún que se fixo pasar por muller e se vestiu con saia para non ser descuberto. Falan tamén do alcalde e da Sección Feminina da Falange de Ponte Sampaio, da veciñanza de Vilaboa e de Moaña, que tamén estivo alí ese día. Foi esta conxunción de forzas e solidariedade que provocou que por aquel entón foran coñecidas como as da “Unión”.

#### A GUERRA, NUN DÍA

A protesta foi o 29 de outubro de 1965, a véspera de Defuntos. Ese día moita xente ía ao cemiterio con ramos pero as mulleres da protesta non; elas cambiaron flores por pedras. Co repenicar das campás da igrexa parroquial de Ponte Sampaio saíron da casa dispostas a botar a draga, dirixíndose xuntas á ponte. Polo camiño ían chamando outras mulleres, rapazas e nenas, á vez que “apañaban” pedras que gardaban no mandil.

Cando chegaron ao río estaba xa alí a Garda Civil, máis da normal, pois contan que foron tamén axentes Vigo e Pontevedra. *“Case había máis Garda Civil que persoas. Ás máis novas metéronnos diante. Así a Guardia Civil ao ver as crías parece que estaban un pouco máis acojonados”*. Recorda Paquita.

Algunhas mulleres finxiron estar embarazadas metendo roupa debaixo da saia para, dese xeito, intimidar máis se cabe os axentes. *“Muitas embazadas hubo naquela época en Ponte Sampaio”*, comentan con ironía no encontro de mulleres, e rin. *“Agora fainos gracia pero daquela pasamos medo. A xente facía que estaba embarazada para que non se puidera meter a Guardia Civil con ela, ou ían con nenos pequenos; eu ía con un aníño a nena, así diante no colo... Daquela a Guardia Civil tiña moito poder”*. Sinala Carmen.

En total, algo máis de cen mulleres, entre adultas, mozas e nenas, participaron na protesta. Non se acovardaron. Tiraron pedras até que conseguiron “embarrancar” as lanchas dos da draga. Despois, xuntáronse todas no lado de Ponte Sampaio, de onde había máis xente e máis “follón” se estaba a montar.



Alí cantaron o “Cara el sol” e estenderon unha bandeira de España no chan, obrigando á Garda Civil a cadrarse diante dela (daquela era un mandato para os axentes). As mulleres empregaron como armas os símbolos do opoñente. Unha sorte de cabalo de Troia, que tamén as levou á vitoria. Os gardas, cadrados, sen poder cargar contra elas, e elas a cantar. Nese intre a unha das mulleres caéronlle os dentes na lama.

*“Veu a Guardia Civil para irnos ao lombo pero fixémoslle un cordón e tiñamos unha bandeira e estirárona así diante da Guardia Civil, e daquela a Guardia Civil diante da bandeira tíñase que encuadrar, e non podía pasar. E unha señora meteuse na lama para que non pasara a Garda Civil, e púxose a cantar o Cara el sol e caéronlle os dentes na lama, e dicíanos: Cantai vós que eu teño que buscar os meus dentes”. (C. Ponte Sampaio).*

Contra a noite os homes das lanchas marcharon, cansados de agardar e non poder traballar e deixaron alí as embarcacións. Tamén a draga, parada, ficou na auga. Foi entón cando as mulleres volveron ás súas casas despois de librar unha “guerra” que durou un día enteiro. Con todo, as protagonistas din que esa xornada foi unha festa, aínda que tamén pasaron medo, moito medo; se cadra o mesmo que lle quedou no corpo ao “moro”, que non volveu extraer area e tardou case un ano en ir buscar a draga.

Case no mesmo lugar no que se batallou contra os piratas ingleses e berberiscos durante séculos e no que as milicias populares e o exército español impediron o avance dos franceses en 1809, as mulleres de Arcade, Paredes e Ponte Sampaio derrotaron a máquina; defenderon o medio de vida da zona, que tristemente co paso dos anos remataría igual por se empobrecer.

Ás mulleres de Ponte Sampaio quedoulles soa de seren “bravas” mais non hai que esquecer as demais, que reivindicaron do mesmo xeito o seu territorio rachando coas atribucións sociais que lle viñan sendo recoñecidas.